

A·N·OSA·TERRA

BOLETIN DESENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

Redaición e Administración: PRAZA M.^a PITA, 17, baixo (Irmandade da Fala)

Número 100

A CRUÑA 15 DE SETEMBRO DE 1919

TRABUA LIBRE

FALEMOS TODOS GRARÍÑO

Senor Director de A NOSA TERRA.

Na Cruxia.

Distinto irmán: Eu, o mais homilde dos nazionalistas galegos, contando co'a sua licencia, que coido non ba faltarme, sinto verdadeiro formigueo de falare catro cousas c'os leitores d'este boletín, único independente e moderno, entre tódolos da nosa desgraciada Terra.

Nado en Lugo, na ciudá morta, orfa de todo sentimento de rebeldía e de toda inquietude espiritual, oxe hel erguer a misia voz para facer unhas poucas perguntas, que agardo sabrán contestar vostedes os mais sinificados inquaxellos do galeguismo puro e sen mácula.

¿Crén os nazionalistas sinceros, os que viñen no sacrificio pol-a causa, os que dan as costas ó éxito persoal e conocen os arrivistas que xurdien no noso campo com'a cizafia nos trígaes, que o leonardismo agora en candeiro pode ser un xeito liberador da Patria escravizada?

¿Están dispostos os nazionalistas sinceros que trouxeron as galicias do galeguismo a engárense a D. Leonardo Rodríguez en corpo e alma? Eu vexo mol de perío a este sñior. Quizais coma non'o ven na Cruxia nen n'outras partes. E coido de mén que falando craro é coma se despexan as brétemas da incógnita.

Don Leonardo estivo con Besada, logo de facerlle o amore n'illo tempore a Canalejas, hasta que veu que ceñándose de Besada, podería xurdir nas suas ansias de medro. Foi logar tenlente de Besada con-trás Irmandades. Cando representantes esgrevios d'estas foron a Barcelona, D. Leonardo aldraxou ós Irmáns, chamándolos cipayos dos catalás, dende unha tribua noxentamente caciquill de Vilalba. E inda non retificou as suas verbas, o que non é ostáculo para que algúns dos alcumados de cipayos e senegaleses lle rendan culto, o agarime e o adulen c'o propósito de medrar á sua sona.

Para D. Leonardo foron cipayos e senegaleses Porteiro, Lousada, Diéguez, Ribalta, Bañet, Sanz, Vilar Ponte, Pena Novo, Cabanillas, Quintanilla e cantos sempatizaban con estes propagandistas puros. E este aldraxe inda se non lavou; e se nos peitos dos nazionalistas galegos hal unha adicación de dinidá, qu'esto significa entregarse a D. Leonardo incondicionalmente, c'o que se demostraría que volviamos á política vella, devota do mito d'autoridad, provinciana, laberica, na que un exministro val más que intelectuaes i-artistas precursores, gardadores e impulsores d'un santo movemento que inda mais que político é social e integralista, d'aquela eu doerelme do ben perdido; programarel o irredentismo galego ad perpetuam.

Don Leonardo foi besadista namentras o besadismo pareceu escada. Abandonou a a D. Augusto logo. Colleuse do brazo do señor Cambó hasta conquerir a carteira d'Abastos. Apreixou finalmente o romanismo. «Coma medio pra chegar a un fin? Quizais. Mais este fin non pode ser a redención de Galicia, non pode ser o desprazamento do caciquismo, a implantación da cidadanía soberana.

Xa o chamarse romanista un home novo, é d'abondo para arredarse d'él cantos selan sñiores moraes. Mais chamarse romanista e por en práctica todolos recursos e xogos da política vella, alardeando de bô galego e de rexo galeguista, xa equival a añadire o cinismo a viveza madrileña. E se hal galeguistas que a un home de somellante xeito o sigan incondicionalmente, eses galeguistas xa non o nome de cipayos merecen, senón outro moito pior cen veces.

Don Leonardo—é un segredo a berros por acó—aspíra a conquerir o cacicato que Besada tiña na provincia de Lugo; a facer unha nova conxuración con tódolos xefíos das taifas luguesas, un pacto con todolos representantes do garcipretismo, o idoneísmo, etc.. Aspira inda mais: a tragueños a Galicia, patrioticamente, unha nova oligarquía das apodrecidas no turno de grifo e vaso: o romanismo que na nosa Terra non atopara hasta d'agora logar axelado onde xermolar e reproducirse.

Dou Leonardo, home novo d'ideas e procedimentos novos, logo de trillar en Chantada e mais en Lugo, foi a Viveiro para porse d'acordo c'o cunheiro d'ali (que no congreso, datas atras, falou combatindo as arelas da Asamblea de Ponteareas) sobr'o reparto da provincia. Don Leonardo val facer un galeguismo redentor entendéndose c'o Lezcano, clérvista, diputado por Mondariz, c'o Souto Regueira, albieta, c'o Bustelo, de Ribadeo, romanista. Don Leonardo val redimir a Vilalba do brazo de Vitorio Basanta, fillo do cacique perpetuo d'aquela villa.

Todo esto é compatible c'o idearium galeguista? ¿Poden os nazionalistas galegos sentir somellante política? Feito D. Leonardo xefe d'un partido político de tal xeito, non resultaría un novo desengano para a moeidade galega a actuación d'ese partido?

O que queira conecer a moderna e pura política de D. Leonardo, que vefía a Lugo. E non falgades caso das suas Gacetas. Gileguismo non partidista, seguindo a D. Leonardo, é impossible predicarlo en lías d'imprenta.

Pensen, pensen ben tódolos bos galeguistas. Non calan no vello vicio de sentirse apavorados ante o brillo d'un exmenistro. Hal que matar d'unha vez o chinismo espiritual que

hastra agora levamos co nosco. (¡Vede, vede os ambiciosos como s'agarran ao leonardismo!)

E mais nada, sñor direutore. Seu decot).

JUSTO RODRÍGUEZ PALEO.

Lugo, 10 de Setembro de 1919.

O Sr. Rodríguez Paleo, rapaz namorado da sua terra como poucos, mandounos a carta que antecede. Non podíamos deixar de publicala. Publicámola sen facernos solidarios d'ela. E dirémo-lo porque.

Proximo a xuntanza da II Asamblea Nacionalista, hal que agardar os acordos dos representantes de tódolos grupos nazionalistas sobre a política a seguirnos. Aqueles acordos determinarán o criterio d'este boletín respecto o leonardismo, o maurismo, etc.

Por iso non contestámoo preguntas do querido Irmán Sr. Rodríguez Paleo. Publicámos, si, a sua carta, como publicaremos cantas cartas d'interés xeneral, nas que non haxa aldraxes persoais, se nos manden, inda que ataquen o noso credo ou s'amostren, razonándo, desconformes con él.

A NOSA TERRA inda non da sua opinión sobre este particular.

PARA «A NOSA TERRA»

Unhas horas da noite no mar

A Srta. Camila Sánchez

Era unha noite de lua brilladora. O resplandore parpadexan n'as augas d'a gran illa, mentres as pequenas embarcacións nos traballos nocturnos a pesca camífan antre as ondilas. Os mariñeiros docemente e con amore cantan os cantares d'a terrifa, espallándose o soldo pol-a ría enteira ate a vefifa, onde as olas morren marmulando en crara espuma. Os vapores c'as luces nas pontes desvaladas, dormen e descansan d'a fatiga d'as tempestades que n'outros tempos teñen pasado.

De terra chegar'en doces e melosos soldos, as cántigas d'uns coros galegos. Outras veces é unha gaita a que desfai o silencio, c'as pezas da melancolía d'a nosa música galega, que chega a alma d'os que sinten e queren o noso, mais que o de outras nazóns.

O mar agora tan calmío, non parece o mar de sempre, non parece o mar c'ando ruge como unha fera, nin tampouco o mar de tempestade. E como a xente; unhas veces mol boas, outras endiabradas. O mar barulleiro, o mar que ferido dimpois que o barco pasou, chorar marmulando pol-a popa, e si é denotle brilla como si fora prata...

M. PORTO CASÁS.

Villagarcía.

PREZOS DE SUSCRIPCIÓN

Na Cruxia ó mes, 40 cts.
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, id. 2 »
Pagos adiantados

¡FRANCIA, TAMÉN!

O 19, 20 e 21 d'este mes faceráse en Marsella unha Asamblea rexionalista con representantes de muitos departamentos franceses.

Os provenzares pidirán ali unha autonomía grande. E tódolos axuntados teñen mentes de solicitar do Goberno a reforma constitucional.

Para os absurdos centralistas hespáñoles xa non o mal exemplo do unitarismo francés val ficar en pe.

¿Non é tempo xa que para imitar a Francia se nos descentralice?

IMPRESIONS DE UN VIAJE

Compenetración espiritoal Galaico-Lusitana

Amigos entrañables, da Terra nativa, tan agarrimados como tantos outros que teño na que, dende a infancia, é a mía Patria adoptiva, lembraron-se do meu modesto nome, pra incluí-lo entre os prestixiosos que tiñan de formaren a primeira lista dos membros efetivos d'unha Corporación científica e literaria.

Aceptado por miñ ese honore, ainda reconocendo-o inmerecible, fixen formal promesa de ire o máis axiña posibre a tomar posesión do lugar que c-o núñaro 19 (dous postos despois do ex-Presidente da República Portuguesa doctor Bernardino Machado) tñia-se-me asignado.

Mas como nunca a realidade vai d'acordo coos propósitos, estos ficaron-se en taes, até que, poucas datas fai, puiden realizalos.

Puxen-me, pols, en camiño, e aló fui disposto a rendir-lles o sincero tributo de gratitud, sin contar con que esta, tñia de se agrandar extraordinariamente, como suceden, ante novas e inesquenclables probas de agarrimo.

Fique estro pra miñ, xa que a miñ só corresponde ter presente na memoria as mercedes recibidas, e demos publicidade a outras impresions recollidas na miña memorável excursión e n-as que aquí conven saber.

Teño de señalar que aquel mútuo desconocemento en que España e Portugal viviron por algúns séculos, vai cedendo a un sincero desejo de proximación espiritoal.

Todos sabedes xa do acto a que asistin en Viana do Castello.

O díno presidente do Instituto Histórico do Minho, D. Juan Cayetano Silva Campos, doume a benvida ao meu ingreso n-aquela Corporación, n-un discurso cheo de erudición, basado n-un conocimento completo da nosa literatura.

Era de ver como era apreciado e saboreado por toda a concurrencia con tanto intrés como si a'go propio tratara.

Ola despois a non poucase cultas personalidades o seu desejo de poseer pra a su lectura, a tal disertación.

Ao expoñer no meu discurso de ingreso, o parentesco, a semelhanza das cantigas gallegas do povo e as portuguesas, o auditorio seguía as miñas palabras con gran intrés. E ao recitar cantigas d'acó e d'aló, analogas na forma, o motivo e o xénero, eran visibles as probas de complacencia.

Vín tamén aqueles intelectuares c'os que me relacionei ali, conocían os más d'eles, aos poetas, pensadores e sabios galegos.

Tanto é así, que fal pouco mais d'un mes, casi que toda a prensa gallega reproducido tra-

ducida, unha fermosa sembranza do señor Murguía, publicada en Viana polo señor Silva Campos.

Finalmente, o segredario do Instituto Histórico e da Câmara municipal de Viana, señor Julio de Lemos, un dos maiores espíñinhotos, expresava-me o desejo vivísimo do Instituto de estreitar cada vez más as relacions coa intelixualdade galaica, ansioso ter na sua Biblioteca as obras, no maior número possibile, producidas pola nosa intelixualdade.

Esta foi a más fonda das impresions da miña visita a patria do gran navegante Frei Gonçalo Velho, en cula casa nativa funciona, por cesión da Câmara Municipal vianense, o Instituto Histórico do Minho.

¿Non e dina esa aspiración, de que os intelectuares gallegos corresponden a ela?

ABELINO RODRÍGUEZ ELIAS.

N-as praias

N-as praias de todolos mundos xúntanse os nenos. O ceo infinito encálma-se sobre as suas cabezas; a auga, impaciente, alborota-se.

N-as praias de todolos mundos, os nenos xúntanse ridentes e bailando.

Fan casinhas de area e xogan c'as cunchas. Seu barco é unha folla murcha que botan, surrinentes, na vasta profundidade. Os nenos xogan n-as praias de todolos mundos.

Non saben nadar; non saben votar as redes. Mientras o pescador de pelras afonda-se por elas, e o mercader navega n-os seus navios, os nenos collen pedriñas e volven a tiral-as. Non buscan tesouros escondidos, nin saben votar as redes.

O mar érgue-se, n-unha gaigallada, e brila pálida a praia surriente. Ondas asesinas cantan aos nenos baladas sin sentido, o mesmo que unha nai que mecerá o seu fillo no berce. O mar xoga c-os nenos, e, pálida, loce a surrisa da praia.

N-as praias de todolos mundos xúntanse os nenos. Roda a tempestade pol-o ceo sin camiños, os barcos naufragan no mar sin rutas, anda solta a morte, e os nenos xogan. N-as praias de todolos mundos xúntanse, n-unha gran festa, todolos nenos.

RABINDRANATH TAGORE.

Prégase a todolos suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao ademestrador pra facer a reclamación no correio.

Prégase asimesmo a os que feñen a suscripción en descuberto, remitan o importe pol-o xiro postal.

Aos Irmans da Fala da Cruña

As "Irmandades da Fala" coldan preciso a sua intervención na vida dos povos, pra conquerimento do seu ideal. A "Irmandade", da Cruña, comenzou xa os traballoos preparativos pra prolsima lida, e fai saber a tódolos irmáns e simpatizantes da nosa Santa causa, maiores de 25 anos, a obriga de axudar na medida das suas forzas,

Horas de oficina, de 9 a 11 da noite.

A SECIÓN POLÍTICA.

ORTOGRAFIA FONETICA

Estou con Rribalta. E perciso pensar en un-a ortografía galaica. Estamos nun período de rebolución, enke kada un eskríbe a sua maneira, e iso non pode seguir, si se illá dar forza o noso idioma. ¿Ken se mete a aprender un-a lingua ke pola sua aquafia ortografika bolbe parbo o ke a eskríbe?

Ningen, iso, e ben certo. Pols antón, estamos no deber akeles ke sentimos o amor a nosa terr, e ke somos capazos de fagelo, de posier mans a obra.

¿E kal a ser? ¿A etimoloxía? ¿A fonética? Estou en ke debe ser a fonética.

¿Por? — Porque a etimoloxía e un-a kousa a parte da ortografía pra estudiar os ke se adiken a ilo; porque e konpríkada e non ten sentido komún; porque se perde un tempo prezioso adepredendo tontarlas e mesmo parés kos maléstros estan fazendo bulira dún.

¿E porque sendo de sentido komún e tan boa, non botou raízes a fonética en ningun-a parte do mundo?

Pols está ben claro. Por egoísmo dos eskrítores. Eles eran os ke a podían imprantar, mais bñon sempre ke pola sua fazillade e súpeta konpresión, abía traer trás de si, un número molto maior de eskrítores (inda ke estes foran malos) e fería o amor propeo e o amore as letras. Isto por parte dos ke abian usar. Agora por parte dos ke abian fager, akeles probíxios bellos ke tanto traballo leban en adepredendo akilo, o pensar ka ortografía, debe estar a altura da intelixencia de un neno, e ke non tñia mereto ningún, o sabela tornarianse tolos e tremeriase afogados nos sabilos sillons.

Por outra parte ¿porque lmos nos ser sempre, os ke bamos derradeiros, e limitando e farendo o ke fan os mais? Si os ingleses ou os franceses fixaran a sua fonética, entón si, nos, koma kanzíños detrás. ¿Kando bamos konsiderarnos koma omes e koma pensadores, libres de pensamento alleo?

Koma rrromate boulles kontar o ke lle pasou a un escolante:

O probe do ome, estáballe insinando a ortografía a un rrápaz ke morria por pasar o mar. E teso koma un pan, eskoitaba as rregras da be e da u. O malestro, non akababa de botar rregras e mais rregras por akela boka, astra ko rrápaz farto de tanta rregla, díolle:

E-diga, siñor eskrolante, si lle poño a be sempre, e mando o demo a u gentenderáme?

Pareceme ke si, díollo bello.

Entón, deixe iso, e insinúeme a multiprikar.

XOSÉ PALAZIOS.

Na Lourinha (Porriño) 1919.

De EÇA DE QUEIROZ

Prosas marginaes

XX

Andamos todos sofrendo. Pasamos lentos, desconsolados e alumiados pol-o sol negro da melancolia. Nin longos risos nin berços fecundos. A espranza fugiu pra aló das estrelas, das nuvens e dos camíños leiteos.

Nós corazóns nacen amores sombríos e loucos. E todo porque un día naceu unha criatura estrana, que foi alimentada con un leite morbido como a lúa, e envolta nunha túnica lívida como a morte.

XXI

Onde estará ela agora, a miña ben amada, aquela criatura deollar profundo?

Era n-aquelas almoadas que ela se recostava; era ali que ela pasava, e as freres do tapete baixo a presión dos seus pés, vivian e perfumaván.

A pé! A pé! Meus desejos! Acordae, acordae e ide buscar-vel! Acendede todal-as estrelas, e ide procura-l-a pel-os camíños escuros! Desgrafiade os cabelos verdes das florestas! Asoprade as escumas das ondas! Dispersade as moltitudes! Crebade encantos! Ide procural-a pol-os astros! Enciende as tendas aéreas, onde viven os soñios!

Ide, ide, ouh meus desejos todos! En ficarel agardando solitario e silencioso, como un pombal d'onde fugiran todal-as pombas.

XXII

"Perdín a miña ben-amada, e todo o ceo está negro, e nin ha estrelas que me consolen! Só resta morrer..."

E o corpo diz á alma:

"Adeus pra sempre! Ouh exiliada divina, ti vas morrer! ouh frío dos sonos, ti vas desfacer-te con todos os teus arumes! Lembras-te, filha, como eu velava por tí? Eu andava pálido e triste cando ti sofrías; e, cando te alegravás andava córdo e vestido de risos. As veces ti deixavas-me e subías sereamente a torre esgual de marfil, onde habita o ideal; e eu en baixo, agadaba sin ollar, sin voz e sin movi-

mento: e cando descias, alumeadas e sérias, eu escondia-te voluptuosamente—á ti, ouh santa! a ti, ouh purificada! E agora vas morrer e nunca mais te verel, ouh miña vaporosa filla! Eu vou andar errante e perdido no mundo, por entre a materia enorme. Vou audir n-as arvores e n-os astros, n-as ondas do mar e n-a luz dos cometas, n-as rosas e n-os ollos das mulleres lascivas. Vou tal vez cobrir as malorés tristuras vivas, ser a follage dos ciprestes e o farrapo dos mendigos! E ti vas sumir-te, ouh alma dóce e dórosa!"

E a alma díclia ao corpo:

"Non chores. Devila ser así! Ti és sán e forte: eu son delcada, indefinida, doente."

Adeus e perdoa-me. Fun desdeñosa contigo. Quería ver-te frío e mudo. Quería que fugises d'aquelhas molezas, que son feltais da voz perdida das sereias. As veces quería, na miña ideal seriedade, que te desfixes en orvallo e pó, pra eu poder ir fundir-me na miña inmenxa alma de luz. Mandava todos os meus desejos pra aquel paraíso de sombras, onde anda a alma de Ophelia.

E cantas veces, ouh meu corpo ben-amado, eu non seduciu os teus ollos a que seguisen os viages inmensos das estrelas! Entón non sabía ainda, que havía de cair e desfazar-me, como unha gota d'augal! Adeus! Eu breve non te lembrarás mais de mim,

Ha nacerche unha outra filla, e despóis outra, e outra. E ti has-de estreital-as apertadamente, ou elas se chamen alma como eu—ou se chamen aroma—ouh, eu entón, se chamen som.

Adeus! Escoita: si n-as tuas peregrinacions através da materia, atopares os atomos d'aquela que eu tanto amei, non te jentes con eles; porque si vos juntades no cálce d'unha fror, a fror ha-de mirrar-se; si fora na lus d'unha estrela, a estrela ha-de apagarse;—si fora n-as augas do mar, o mar ha-de gelarse....."

EÇA DE QUEIROZ.

me que, trasmutando o espetáculo da nosa vida interior, enchendo d'armonias trascendentais o peito escuro e sin ritmos, erga o espírito e abra caladamente novos camiños e ilumiñe novos horizontes. Esta fala é a que ún ten con si mesmo, n'un soliloquio profundo, coa pupila ideal ateigada de luz e brillante d'entusiasmos ardentes, na emocional actitude dos que sinten como propios os problemas da Humanidade enteira.

Falar así é falar con todos e de todo, falar pra sempre e fortalecer, na aición e na vida, a obra de mañán.

Velai eiqui qu'eu no silenco non teño un dia de repouso. ¡Cánto fatiga iste monólogo interior baixo a copa do pino bruante e lanzal, ó socaire do castaño cheo d'ourizos como de pormesas, á veira da campía verdeante, meiga pol-a sua fermosura, con-

queridora com'unha femia d'ollos d'ensoño e ofrecentes volutuosidades!...

**

iO silenco! Lembrome ben d'aquel esquirtor chino que, coa pruña diancio papel, non esquirbeu unha liña en mais d'un día. Non soupo qué decir; mais eu lin ali, n-aquel papel en branco, o poema mais grande do mundo—sóbor todo o poema mais grande da vida,—e percibiu unhas liñas vagarosas qu'eran como reutas d'unha matemática ideal que iñan buscando o infinito...

Tamén, meu amigo, vin xuntos e solos a Emerson e Carlyle, aburados por un mesmo ardente fogo. sen falareñse unha verba, aló n-aquel recuncho frorido onde, con traxes axeitados, facía homes novos o xastre de "Sartor Resartus". E tamén na lira de Rodenbach eu oucei, entr'as armonias más doces, sublimadoras do silenco, os cantos más profundos y-as voces más craras y-elocuentes.

**

Amigo: no frontispicio dos tempos novos, nos que se forxan os valores do porvir, hai un lema que escalda o corazón y-o celebra: se non da froito a semenza do espírito, busquemos no fogo e no ferro a eficacia dos ideaes que propugnan, na Pátreea dos servos e dos bufons con lavita, a nova vida, a trasmutación dos valores, a redención dos cautivos...

ROBERTO BLANCO TORRES.

PADRÓN... DE VERGONZA

Un redactor do "Imparcial", un gassetista, un cuneiro, un analfabeto aspirando a repensar nas Cortes a Padrón!

Nada mais noxento; nada mais sintomático da falha de cidadanía e patriotismo que hai na nosa Terra.

¡Lembrádevos de Nebri! ¡Lembrádevos das quintas! ¡Lembrádevos do Vitorro e do piorno de Castelao!

¡Gasset botado de Cidá Reial e trunfante ainda en Galicia!

VERBAS PRÁTICAS

O centralismo que nos abafa

A rede ferroviaria galega é un completo desatino. Toda ela é obra da oligarxa o servizo do interés privado. O primeiro que salta os ollos o estudar os ferrocarrils galegos, e que os que téñemos trazido e concebido, non confían nem milga da economía rexional; non tifian a más pequena idea do que estaban chamados a ser os servicios internacionaes e do que prometían as comunicacions mariñas.

A idea fascinante, a manía que inspirou sempre o espírito n'esta obra, foi unir todos os poboacións con Madrid. Poder ir a Meca Nazonal sen cambiar de vagón, era e mais é ainda

Conversas c'un amigo

Moito estrañas, meu bo amigo, o meu silenco. ¿Cando fun eu barulleiro? Sómente n-aquelas ocasions nas que, cheo de noxo ant'o espetáculo d'as cabriolas dos saltimbancos con lavita, d'as gracias sin gracia dos bufons, da seriedade asnal dos cretinos, das tristes renunciacions intemps dos desleigados, nubrábaseme o corazón y-o pensamento de desconfianza na suscep-

tabilidade rexeneratriz do noso pobo e via que, diante da agonía da Pátreea, as multitudes seguían entregadas ós seus enredos y-a sua inconcencia, con aquela tranquilidade fondamente tráxica con que, diante dos cristianos destrozados pol-as feras, Nerón sorria prácicamente ou lúa, coreando pol-a vileza dos seus vasallos, uns malos versos de tirán sin inspiración nin xenio.

Falar epra qué? Soio hai unha fala subri-

o ideal d'una chea de cacholas galegas; non importa ire co'a velocidá e c'o confort d'un carromato.

Galicia resulta asía estivamente unida con Madrid, a cula vila nada pode levar apenas, e da que somente males no senso moral e material e capaz de collertar: en troques está perfeitamente illada do resto do mundo.

E un erro fondo, crer que o problema dos trasportes na rexión galega o extremo d'un continente, bañada polo mare na metá das suas fronteiras, por onde pasa a corrente comercial do mundo, é tan simple e tan súxelo como nos chaos da mancha ou na Terra de Campos.

A lúa eléctrica, d'ancho normal, polo costa, até a fronteira francesa, uníndonos con Portugal, ha ser o eixo fundamentalismo, sobre o que xiren todolos elementos do resto do orçalismo.

E a reorganización dos nosos portos e a construcción das nosas carreteras ha relacionarse con esto, sen esquecelo nunca en nengures.

B. CALDERÓN.

EN VELA

Aquela fonte, aquel Cristo
y-aquel mouro plieiral,
en vela xunt'o mostelro,
que s'esborllou, están.

A fonte reza baixíño,
n-o Santo Cristo luz hay,
e a sunlla d'os plieirlos
lembra os quelxumes d'o mar.

ANTONIO NORIEGA VARELA

Trasalba.

CARTAS DA VILA

Exemplos que doen

Os rapaces asturianos que viven na Residencia d'Estudantes de Madrid, dende fai mais d'un ano veñen traballando na organización de Bibliotecas populares na sua terra.

Xa chegaron a fundal-as en Luarca, Cavedo, Cangas d'Onís e Avilés. Concebiron a idea na época d'estudo. Logo aproveitaron as vacaciós do vrán para poñela en práctica. Nos logares onde responden ó seu chamamento, forman un Patronato, persidido polo alcalde, c'os mestres d'escola, representantes de cooperativas, sindicatos, etc., e toda clás de persoas para as que a cultura é cousa esencial. Piden ó Concello local e subvención. Inician logo susciciós entr'a xente do pobo. E houbo Biblioteca, com'a de Corao (Cangas d'Onís) que se ten feito polo Cooperativa agrícola co'a rifa d'unha vaca. A selección de libros fixoa o Museio Pedagóxico Nazional. O catálogo foi labor dos estudantes da Residencia. Xa estos mesmos rapaces asturianos pensaron no comenente que tería de ser para Asturias unha Escola industrial e encorendaron o seu estudio a un técnico.

As Bibliotecas, espalladas por Asturias,

están unidas entr'elas e con outros organismos somellantes: a Estensión Universitaria d'Oviedo e o Ateneo Obreiro de Gijón, Ateneo para o que donaron os novos capitalistas astures unhos 30.000 pesos. E todos estos organismos veñen agora orgaizando unha serie de conferencias culturales. Déreronse xa algunas de sanitá contra tuberculosis, a avariosis e outras doenças infecciosas. Agora darán outras o catedrático da Central Manoel G. Mourente, o catalán Euxenio D'Ors e o doutor Pittaluga. Mais non soilo en Gijón e Oviedo, senon en Avilés, Cangas d'Onís e outras vilas. E o Ateneo Obreiro de Gijón festexará a chegada ó volume 3.000 na sua Biblioteca, c'un homenaxe a Palacio Valdés.

Como vedes, hai aqui un bo exemplo, e digovos que sen despecial-a «Casa da Troya», nós dariamol-os nosos «troyanos» por unhos rapaces somellantes ós asturians da Residencia de Madrid. ¡Estes si que sinten a sua terra! ¡Estes si que saben honorala! Non con discursos retóricos, proveitosos somente para o brilo persoal, cujos efectos duran o mesmo que o fume dos foguetes; non con Congresos algueirentes, nem con lembranzas a data fixa, senon con traballo costante, modesto, silenzioso e útil. Prescindindo de toda crás de políticos profesionais. Sintíndose modernos, europeos, n'unha verba.

E os estudantes galegos ¿qué fan? ¿Onde están? ¿a que trafego adican os seus ocios do vrán?

Aos nosos estudantes abónalles con seren «pinocas», —pitos ben—; con ter relaciós c'os caciques amigos dos seus pais e con adulgar ós seus pais caciques; abónalles con traballaren para eles mesmos, somente; con seren devotos de San Paramón; con berrareen nas prazas de touros, con lociren o calzón branco, sen engurras, na praia ou na rua ou no circo de recreio; con pensaren na herdeira rica.

¡Qué lonxe dos estudantes astures fican espiritoalmente os nosos estudantes! ¡Qué lonxe da Estensión Universitaria d'Oviedo do Ateneo obreiro de Gijón, a Universidá galega e as galegas sociedades obreiras!

Irmáns, irmáns, ¿non vos roen a i-alma estas cousas? ¿non vos doi o corazón ant'e-la? Eu sinto unha dór que m'abraia, unha espiña que se me chanta moi adentro, moi adentro, cando acabo decatándome de que os estudantes galegos ou non son nada, ou son corazós de vinte anos... ¡conservadores! Corazós de corcho que fan a figura ás santas e fecundas rebeldías. ¡Velllos verdes en prena adolescencia!

A. VILLAR PONTE.

Exposición Imeldo Corral

Axiña, dentro de poucos días, se terá d'inaugurar o novo local da "Irmandade" da Cruña c'unha Exposición de paisaxes do gran pintor ferrolán Imeldo Corral.

Namentras esteña aberta a Exposición haberá conferencias moi interesantes. Unha d'elas, a cargo de Xaime Quintanilla que ha falar da música.

DE CORREA CALDERÓN

Divagacions sobre a modernidade do galego

Eu crelo que a nosa ortografía debe dárselle a maior sinxeleza e modernidade posibles.

A maneira ortográfica resucitada por Johan Vilqueira que xa fora empregada n'outro tempo por Pondal—pra máis o meltande poeta galego—é a que mellor me soa. Pro é a más difficile.

Dende logo é a más moderna.

Empregando iste sistema ortográfico estaríamos más preto de Portugal.

* *

Sendo uns fervorosos dos nosos crásicos, nós debíamos modernizar a lingua que imprimieron eles.

Eu, para scribir en galego non studiei os seus versos, límos como si desfollara unhas rosas, non como estudo.

Pra screber no seu idioma ó poeta abondall'o sentimento i-o seu istinto. O mais é accidental. O idioma puro recóllese dos beizos do pobo. Montaigne fa ós mercados a ouvir falar. Azorín fai o mesmo. I-o meu grande amigo Carracedo—o xenial e paradoxal Carracedo—la aprender o galego as felras de Lugo.

Eu descendo d'aldeas fidalgas.—Os meus abós lonxanos fono alcaldes do val—i-eu creíme ua terra coma un árbore.

Xa nascín falando en galego, polo conto. Por iso non tiven que adeprendel-o galego nos versos dos nosos crásicos.

Ademais, eu non sei si é o verdadeiro galego o que escribían os nosos crásicos.

Rosalía e Curros eran dous poetas imensos... pro cando o facían en galego, poñían muitas verbas castelás, porque estaban acostumados a escreber molto ben en castelán.

Lamas foi o que escrebeu con más pureza de léxico, quizabes.

Cabanillas, oxe, é un poeta puro i-enxebre. Mais o idioma en Lamas está na sua forma primitiva e sinxela. E o idioma do aldean, transcrita.

E iste idioma non serve pra falar de ciencias e d'arte.

Temos que inxeunizar o conceito si queremos espresarnos enxebrememente. E iso non convén. Non convén ter que suxetar as ideias ou a forma, pra non deixar de ser puramente enxebre.

Hal, logo, que modernizar a lingua, non hacia o castelán, sinón ó Mundo.

Eu cando non encontro a verba percisa no galego, góstame illa a buscar ó portugués primeiro o catalán, ó castelán antigo, ó italiano, ó francés, i-até ó alemán...

O meu amigo Xosé Casares Mosquera, ingeniero químico, un rapaz d'unha enorme cultura, feito na Alemania, na Inglaterra, na Suiza, falaba un dia da semellanza qu'il alcontrara yantr'o alemán i-o galego! Muitas

verbas marfileiras das Rías Baixas—cuasi des-conocidas—ouvirás si na A'ena".

Un dia faláball'eu a Aitón Vilar Ponte, d'isto mesmo, e díxome que iso debían facer individualmente os homes novos.

No italiano, por exemplo, háchansi istas verbas: Ferrovia, pregare, profumi, pudore. (Véxase Giovanni Papini, Giovanni Pascoli, D'Annunzio).

Cá introdución de neoloxismos ou de palabras antigas darfamosll'un grande moderinade o galego.

Sin deixar de empregar as verbas puras que tivésemos.

**

Deberíamos ler ós poetas i-los pensadores de Portugal, d'Italia, da Francia, da Catalunya, i-até da Rumanía, para traguer despols aquela modernidade i-aquel espírito a nosa lingua.

Se nos conseguíramos darlle o galego mais modernidade que ten o castelán, o galego importase.

Se nós fixéramos d'iste gran penedo dúctil que é o galego, unha statua chea de matices e de tonos, virian os poetas de fora a facer versos n'il coma na Idade Media.

**

«Cómo se consegue isto? Facendo homes novos primeiro.

Spallando despols as ideias i-as inquietus d'ises homes novos.

**

«Cómo conquerir a significación da ortografía galega?

Eu crelo que non s'hal d'esquencer d'isto. Pra dar sensación d'unidade, haberíase que posier d'accordo.

Enviar, por exemplo, os colaboradores de A NOSA TERRA unhas regras fixas, acordadas polos mais competentes i-los que tivesen mais sensibilitá. Non fal falla siñalalos.

Convén insírial-o camiño ós rapaces novos que comenzañ.

Debiase suprimir a e sempre que fose diante de s o comenzañ das verbas, coma no italiano. Exemplo: Storia, sterco, Spagna.

Debiase suprimir as vocaes finales, cando as consonantes son lgoal cas vocales suprimidas. Exemplo: Art, tard, inmens, no catalán.

Convénia, pra facer más sinxelo o noso idioma.

E. C. C.

EXPOSICION DE CAMILO DIAZ

O dia 3 do corrente crasurouse no Centro Maurista da Crufia a exposición na qu'o noso irmán Camilo Diaz Valliso exhibiu algunos dos seus moltos trabalhos de dibuxo e pintura.

Ao acto, no que falou o señor Portal Fradejas concurreu un selete público que, pechou con chave d'ouro a obra de Camilo.

A nosa embora ao querido irmán.

Homenaxe dos coros gallegos a Perfecto Feijóo

POESIA DO NOSO GRAN CABANILLAS

Nobre gaiteiro-poeta que de milagreira traza pendurache da palelta a varil, fidalga, inquieta, alma saudosa da Raza!

Avelliña cubizada que foches, rosifia a rosa, por vales, montes e rías, recollendo a mel sabrosa das galegas canturias!

Esforzado cabaleiro da ergueita, nova cruzada que limpou de aire extranxeiro a música de turreiro da nosa Terra adourada!

Dispostos a coroarte n'esta xornada de gloria, —túa, da Patria e do Arte— xúntanse para cantarte os cantos de vella historia:

O alalá do arriero que, das chocas ó compás, dende Lalín ó Ribeiro baixa o camiño costeiro canta que te cantarás.

A barulleira legría, a lumiosa labarada, —luz e estrondo na campia— das copras de retesia y-as copras de foliada.

O cantar ledo e fungón raposeiro e ballarin co que prega un patacón o ceguiño pedichón que rasca no violín.

A copriña rexoubeira, —frecha afiada e certeira,— que ó son do pandeiro entona a rapaza compañeira do vellido da zanfona

Aires celtas das triadas, catigas de adar camiño, mariñás espadeladas e regueiras e alboradas das terras á-par do Miño...

Gaiteirío benamado, gala do chau encantado que o Lérez bica y-esmalta, mais exebre e más sonado que o gaitero de Penalva!

Eu soio teño un desejo que o meu bo cariño encerra deixándome o peito cheo: Que Dios che pague no ceo o que fixeche na terra!

O mundo nada lle pido; nin por amor nin por lei fora no rogo servido. Dendes que me confirmei teño este refrán sabido:

Os que do seu chan en medra pasan suores e afáns, en Pekín e en Pontevedra señoritos e aldeáns pónenlle diante unha pedra... e más acírranlle os cans!

RAMÓN CABANILLAS.

Peneirando...

Lachica, o noxento Lachica volve a xurdir en Granada. Apotado pol-o Goberno, e n'especial por Bugallalío.

O Réxime empeñase en probar que está podre e que namentres se non troque Hespafía será unha porcada.

**

Os vígueses sen pretensiós trascendentés, com'os picoretelos, fixeron unha "semana cultural", moi solene e locida.

E até conseguiron que o menistro de Fomento, acetase a invitación para pechala. ¡Canta en vexa lle dará esto a Picoretelio!

**

Nós sentimos molto que Bugallal non viñera a Crufia o Congreso d'Estudos de segundo ensíño galegos.

Pois levaría o seu.

Mais D. Abilio Calderón, cacique mástimo de Palencia, tamén s'en troques d'ir a Vigo, pousara na Crufia, autuando en público, ouvindo silbas mais ou menos poéticas.

**

Vigo desela o ferrocarril a Valladolid. Desela tamén o ferrocarril León-Burgos. Desela o ferrocarril a fronteira francesa.

Fai ben. A crufia, en troques, non siente a necesidá do ferrocarril da Costa.

Cando comece a sentir, quizais xa selar tarde.

E no pecado levará a penitencia.

¿Qué din a esto os famosos ponentes da famosa ponencia sobre ferrocarrils galegos, lida no Congreso picoretelio?

Tefien fachenda d'homes prácticos e desconocen a realidade.

**

A «Voz de Galicia» botoulle un capote a Diputación para defendela contr'os xustos ataques que se lle teñen adicado por retrarlle a metá da subención de costume a Academia Gallega.

Non se pode servir a dous amos, dí o Evangelio.

Tampouco val acender unha vela a Deus e outra o demo.

**

Moitos asistócratas dou Galicia. Moitos e principaes.

Mas todos se tefien esquecido de que son galegos. Nada lles debe a Terra.

**

¿Quén será certa persoa que dempois de ser dentro d'as recuas da vella política, unha volvoreta que andivo saltando d'unha cova a outra, val agora a facer probas nas filas romanistas?

García Veleta non é.

¿Será algún que foi conservador, logo republicano rabento, dempois gassetista e mais tarde clerical... de ola, pero sin misa?

¿A qué acerta o lector?

**

En Biarritz casouse Gómez Carrillo (fillo adoutivo da Crufia), c'a coupletista Raquel Meller.

Foi testigo Romanones; n'esta festa non podía faltar un político senón estaria incompleta a representación de Hespafía.

**

Organizadas por elementos militares, vaise a celebrar en Segovia unhas festas con ouxete de recaudar cartos pra facerlle un molimento ós héroes de Cavite e Santiago de Cuba.

Unha das festas será unha corrida de touros a base de Gallito Belmonte etc. etc. como lembranza da outra ¿do desastre?...

¡Ole! ¡Viva España!

■ ■ ■

¿Será verdade que o señor Vítorro sal da covacha provincial, agora que foi mallado por Castelao, tanto como fai muito tempo merecía?

Porque ese sería o primeiro servicio que faria a terra gallega.

■ ■ ■

Hai quien asegura que o señor Vítorro (¡qué consoante tan axitado ten!) pediu a escedenza pensando (coltidio) pillar en Madrid calquera bicoca d'essas que a vella e infamante política reparte ós panaugados.

Pero ¿jinda ten ambiciones este probe marrueto que solo na política rural dos adocenados puldo chegar (¿quén o creerá?) a ser persoal?

De todas sortes, Díos queira baxa en Galicia un caclique menos y-unha espranza mais.

■ ■ ■

O *Ideal* (¿jinda hal queu lea o *Ideal*?) publicou un artejo de *Armando Guerra*, sobor seu viaxe por Galicia. Como sempre, Galicia non é, pra estes turistas da carto, mais qu'a terra bonita e meiga, formosa como unha novia ben emperexillada.

Mais ¿qué outra cousa pode decir ese cursi que desde fai catro anos ven enchendo de tonterías a unha parte—a menos importante por certo—da poboación española?

“Armandito”, snobista e vanidoso como él solo, andivo por Galicia repartindo entr'os seus admiradores (?) postas ca súa firma, coma un toureiro de cartel ou unha bailarina de pernas macias e lxeiras...

E o crétinismo do *Ideal* pensaría facer un gran conquerimento ó abranquer tamén a firma de Armando..... anzuelo.

¡Cánta cabaza con tragedias!

■ ■ ■

Jústizal pedía certo xornal a propósito da morte de Brabo Portillo.

¿Qué conceito, ¡vive Deus! tenderá de xustiza a necedad?

Tipográfica Obrera.—Socorro, 3

Compagnie de Navigation SUD=ATLANTIQUE



Saida do porto da Cruña para Bahia, Rio de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires

O día 12 de Outono de 1919, aprosimadamente e salvo continxencias, sairá do porto da CRUÑA o paquebot correio francés

ASIE


Admite pasaxeiros de primeira, segunda, segunda intermedia e terceira clase.

Prezo do pasaxe en terceira clase ao Brasil, Montevideo e Bos-Aires PESETAS 384'60

Para mais informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPANIA, (S. en. C), Praza d'Ourense 2 B e Feixón, 2.—A CRUNA

Compañía Chargeurs Reunis



Pra os portos de Bahía, Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires, sairá da Cruña sobor do 15 do Setembro o vapor correio lixeiro

CEYLAN

Admite pasaxeiros de 1.^a e 2.^a classe e 2.^a económica.

Prezo do boleto de TERCEIRA classe Pesetas 369'60.

“ medio boleto ” ” ” 189'60.

Nenos mais novos de dous anos, un gratis por familia.

De dous a 10 anos, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTA INTRESANTE.—As mulleres que levan nenos que non chegan aos 10 anos, chamadas polos seus maridos, non poden embarcaren pra BOS AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS AIRES, permitindolles o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autorizacions, nin poderes dados ante os Cónsules españoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicions e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non valan acompañados da sua familia.

Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en España,

ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2.—A CRUNA.

LA PROVEEDORA GALLEGA DE XUAN VAZQUEZ PEREIRO

A millor fábrica de chocolates de Galicia, síta na Rua estreita de San Andrés. — A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta jestades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

Por qué é isto? Porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós melhores produtos i-a limpeza mais esquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDES VOS

Faise cárgo de toda
cras de traballos gra-
ficos, en imprenta, lito-
grafia e fotograbado,
ansi coma sellos de
caucho

A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL
DE TODAS CRAS
FOTOGRABADO
Teléf. 434

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Lloyd Real Holandés

Amsterdam

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina polos acretados vapores-correios

GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saídas fixas-regulares da Cruña e Vigo, admitindo pasaxeiro de 1.^a, 2.^a, intermedia e 3.^a clás.

Pra informes respeuto a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó

Axente xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO.


DOU MIGUINHO FONSECA

Grandes Talleres DE LAVADO E PLANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos (A Cruña: Cantón Pequeno, 12
centrais | Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursais Estreita de San Andrés, n.º 12
na Cruña Praza de Azcárraga, n.º 4
Fernández Latorre, 76 e 84

Sucursal en Príncipe, n.º 63
Vigo



Todas as nosas sucursais ostentan un letreiro como sinal, qu'é reproduzón da marca de garantía elíxida estampada.

Recibense encáregos de fora, y-espíndense por medio das nosas sucursais.

Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encáregos.

Os viños e coñás millores

son os qu'elsporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez
Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xeréz.

O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un einspréndido licore sin rival


Pra viños de mesa

non hal outros com'ns dos cosechellos elsportadores Sres. R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.— MADRID.

REPRESENTANTE ESCRUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

José C. Juncosa

Galera, 39 é 41-2.^a piso.—A CRUÑA



GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saídas fixas-regulares da Cruña e Vigo, admitindo pasaxeiro de 1.^a, 2.^a, intermedia e 3.^a clás.

Pra informes respeuto a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó

Axente xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO.

DOU MIGUINHO FONSECA

**FRÁBICA MECÁNICA
DE CALZADO**

— DE —

ANXEL SENRA**RÚA XUAN FLÓREZ**

**Depósito: Cantón Grande, 15
A CRUÑA**

HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

**M. Losada Prado
A CRUÑA**

LA SALUD**CASA DE BAÑOS***A millor da Cruña*

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

A FARTANZA

DE

CRISTINO P. REY

PROGRESO, 40—A CRUÑA

Irmáns: os millores viños que bebedes na Cruña son os que vende ista casa. Quen os proba un vez xa non cata outros. Tamén vende os millores chicos e xamóns de Lugo e toda crás de licores.

Abonos Químicos Mineraes
Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés **ROUCH**

Rexenerador **ROSTTAM** pra os animais debiles, pra que as gallinas pofian mais hovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.º—A CRUÑA**MATERIES DE CONSTRUCIÓN***Cemento Asland*

Madeiras — Carbón

CENTRO XENERAL DE SEGUROS**IGNACIO PEDREGAL**

NA CRUÑA

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de bñio moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todolos trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Farmacia Europea

— DE —

**López Abente
REAL, 55**

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arrebro ós derradeiros adiantos.

EFEKTOS NAVALES

DE

FERRER Y COMPAÑÍA—SUCESORES

F. BERTIAN e NIEMEILL

VIGO e A CRUÑA

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

GRAN FONDA**Las Cuatro Naciones**

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desejo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

LA MODERNISTA**GRAN SALÓN DE BARBEIRIA**

— DE —

RAMOS E ACEA

San Andrés 94, 1.º—A CRUÑA

Estabrecimiento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todolos aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, locios e fríolos de todas clases.

Nota: N'este estabrecimiento atopará o público un servicio permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das más importantes peluquerías, desta capital.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE****Servicios direitos dende o porto da Cruña**

Ná derradeira quincena de Agosto aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para a Habana e Veracruz o rápido paquete correo


VENEZIA

O dia fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que deseñe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hasta que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza.

Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**Prezos do pasaxe (incruidolos impostos)**

Ponte paseo:
Camarotes de luxo Ptas. 2.053'75
Id. esteriores > 1.668'75
Ponte superior:
Camarotes esteriores > 1.498'75
Id. interiores > 1.293'75
Ponte inferior.
Segunda crase > 1.293'75
Preferencia > 1.103'75
TERCEIRA CRASE > 808'60

	Habana	Veracruz
Ponte paseo:		
Camarotes de luxo	2.053'75	2.138'75
Id. esteriores	> 1.668'75	1.753'75
Ponte superior:		
Camarotes esteriores	> 1.498'75	1.593'75
Id. interiores	> 1.293'75	1.378'75
Ponte inferior.		
Segunda crase	> 1.293'75	1.378'75
Preferencia	> 1.103'75	1.088'75
TERCEIRA CRASE	> 808'60	798'60
	328'60	343'60

DON NICANDRO FARÍÑA**Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo**